



Concello de Vigo

Secretaría de Goberno Local
Expte 782-1102

RESOLUCIÓN DÉCIMOQUINTO PAQUETE MEDIDAS COVID-19

Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias. Por sendas Resolucións desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020 adoptáronse acordos de modificación do primeiro paquete de medidas, e de aprobación dun segundo paquete de medidas, que contemplaba, no seu apartado segundo o establecemento do sistema atención presencial na Casa do Concello con cita previa limitado a unha serie de oficinas.

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Á vista da evolución das circunstancias, foron adoptándose novas medidas por esta Alcaldía-Presidencia, e neste intre cómpre a adopción de novas medidas propostas na reunión do Comité de Seguimento de data 27 de marzo de 2020 para garantir o cumprimento das indicacións sanitarias e de seguridade formuladas polas autoridades competentes.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de conformidade coas medidas previamente adoptadas por esta Alcaldía no marco do seguimento da situación e de conformidade co establecido no Real Decreto 463/2020:

RESOLVO

Primeiro.- Instar ás Concellerías Ddas. De Benestar e Seguridade a que comuniquen á Subdelegación do Goberno a necesidade de designar como servizos esenciais a todos os aloxamentos cos que colaboran as Concellería Dda. De Benestar.

Segundo.- Instar á Concellería Dda. De Benestar a prorrogar o sistema municipal de aloxamento a persoas en situación de vulnerabilidade social, en calidade de axudas de emerxencia social.

Terceiro.- Instar á Concellería Dda. De Benestar á pedir á Xunta de Galicia a comunicación do protocolo en relación co COVID-19 para garantir a seguridade das persoas sen fogar que se deriven dos centros sanitarios aos servizos sociais municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/03/2020 09:29

Páxina 1 de 2

Expediente 782/1102

CSV: 2BECE1-32E83H-B1BFBC-JV2DNB-LU6M92-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Cuarto.- Instar ás Concellerías Ddas. Do Goberno para avaliar a situación dos contratos vixentes cara ao seu eventual mantemento e, en consecuencia, ao mantemento da actividade económica e do emprego, sempre que sexa legalmente posible.

Quinto.- Dar conta da comunicación da Concellería Dda. De Fomento en relación coa execución das obras municipais e da súa remisión ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello para coñecemento e efectos

Sexto.- Dar publicidade deste acordo mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.
CCA

O ALCALDE-PRESIDENTE- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ.
Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/03/2020 09:29	Páxina 2 de 2
Expediente 782/1102	CSV: 2BECE1-32E83H-B1BFBC-JV2DNB-LU6M92-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		